

Suxestión á consellería de Facenda e Administración Pública de exercer a capacidade de verificación da documentación esixida nos procedementos indicando ás persoas interesadas o dereito de oposición á mesma e, nos casos semellantes ao presente, aceptar o certificado de estar ao corrente das súas obrigacións tributarias como aval suficiente para presentarse como persoa fiadora

Expediente: L.4.Q/13227/23

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2023

Sr. conselleiro:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención XXX con DNI nº XXX en desacordo pola petición de copia da declaración de renda de persoas fiadoras para a suspensión dunha providencia de constriximento.

ANTECEDENTES

Nesa queixa, esencialmente, indicaba que:

“(..) Al recurrirse la referida tasa se pidió la suspensión de la ejecución del acto administrativo, cuyo importe no supera los 130 euros, aportándose fianza de tres fiadores solventes y que a su vez, han presentado certificaciones de estar al corriente tanto de sus obligaciones tributarias como laborales, y todo ello de conformidad al apartado 3º.4.5 párrafo 2º de la resolución de 21 de diciembre de 2005 de la Secretaria de Estado de Hacienda y Presupuestos y Presidencia de la Agencia Estatal de la Administración Tributaria por la que se dictan criterios de actuaciones en materia de suspensión de la ejecución de los actos impugnados mediante recursos y reclamaciones.

Con esta disposición se evita el acudir a las entidades bancarias que exigen la formalización de una póliza de contragarantías y pago de comisiones bancarias y siempre que la deuda tributaria no exceda de 1500 euros.

Sin embargo, la Hacienda Pública Gallega, además de lo que contempla la Resolución de Secretaria de Estado de Hacienda, Presupuestos y Presidencia, exige que cada uno de los

fiadores aporte copia de su declaración de la renta, documento que tiene datos de carácter personalísimo,

(..)

Ante esta exigencia tenemos que decir:

1ª.- Que carece de amparo normativo.

2ª.- Está acreditada la solvencia de los fiadores, no son indigentes.

3ª.- Se están solicitando unos datos que obran en poder de la Administración Tributaria Estatal y que la Administración Tributaria de Galicia puede tener acceso a ellos en cualquier momento. (..)”

Ante iso requirimos, como vostede sabe, información á Axencia Tributaria de Galicia que xa nola remitiu. No informe achegado pola Administración sinálase o seguinte:

“(..) O interesado presenta reclamación económico-administrativa do 02.08.2022 contra unha nota informativa enviada pola Zona de Recadación da Coruña, non susceptible de recurso, respecto da providencia de constrinximento XXX03 solicitando suspensión para o que aporta fianza persoal e solidaria. O 30.08.2022 se lle require para que ademais de emendar o documento da garantía aporte certificados de estar ao corrente de débedas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e copia da última declaración da renda dos dous fiadores para os efectos de acreditar a súa solvencia. A dita reclamación resultou inadmitida o 17.10.2022. quedando sen efecto a solicitude de suspensión e a fianza presentada.

O interesado presenta reclamación económico-administrativa o 27.10.2022 contra a providencia de constrinximento XXX85 e recurso de reposición do 27.02.2023 contra a providencia XXX03 derivadas da falta de pago dunha taxa de Portos de Galicia. Solicita suspensión achegando a fianza persoal e solidaria. Mediante requirimentos do 30.03.2023 solicítaselle no ámbito dos dous recursos presentados que achegue certificados de estar ao corrente de débedas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e copia da última declaración da renda dos dous fiadores para os efectos de acreditar a súa solvencia. Ademais no caso do recurso de reposición se lle require novo documento no que se formalice a garantía persoal e solidaria xa que a que se achega corresponde á reclamación económico-administrativa presentada o 02.08.2022 e que resultou inadmitida quedando sen efecto a solicitude de suspensión e a fianza presentada.

O interesado contesta aos requirimentos o 18.04.2023 achegando os certificados solicitados pero non achega novo documento de garantía nin as declaracións da renda dos fiadores alegando respecto disto último que son datos personalísimos e que non hai amparo xurídico para a súa esixencia á hora de acreditar a solvencia dos fiadores e que o persoal da Xunta

non ten que ter coñecemento destes datos. O 31.05.2023 denéganse as peticións de suspensión por falta de subsanación dos requirimentos de documentación.

De acordo con o artigo 224.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria (LXT) as garantías necesarias para obter a suspensión automática serán exclusivamente as citadas no devandito punto 2 sinalando no seu apartado c) a fianza persoal e solidaria doutros contribuíntes de recoñecida solvencia para os supostos que se establezan na normativa tributaria.

Doutra banda a Orde EHA/3987/2005, do 15 de decembro, pola que se desenvolve parcialmente o Regulamento Xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, en materia de revisión en vía administrativa, aprobado por Real Decreto 520/2005, do 13 de maio, sobre requisitos de suficiencia de determinadas garantías achegadas para obter a suspensión da execución dos actos impugnados establece no seu artigo único. 2 que cando a garantía consista nunha fianza persoal e solidaria doutros contribuíntes, a súa admisión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións:

- a) O importe da débeda suspendida non poderá exceder de 1.500 euros.
- b) A condición de fiador deberá recaer en dúas persoas físicas ou xurídicas que non teñan a condición de interesados no procedemento recadatorio cuxa suspensión se solicita que, conforme os datos de que dispoña o órgano competente para suspender, estean ao corrente das súas obrigacións tributarias e presenten unha situación económica que lles permita asumir o pago da débeda suspendida
- c) O documento que se achegue indicará o carácter solidario dos fiadores con expresa renuncia aos beneficios de división e excusión.

Nos mesmos termos exprésase a Resolución do 21 de decembro de 2005, da Secretaría de Estado de Facenda e Orzamentos e Presidencia da Axencia Estatal de Administración Tributaria, pola que se ditan criterios de actuación en materia de suspensión da execución dos actos impugnados mediante recursos e reclamacións e de relación entre os Tribunais Económico-Administrativos e a Axencia Estatal de Administración Tributaria no seu apartado Terceiro 4.6 á que alude o interesado aínda que esta unicamente resulta de aplicación na o ámbito dos actos ditados pola AEAT e respecto dos órganos e entes de dereito público da Secretaría de Estado de Hacienda.

En consonancia co previsto no artigo único.2 da citada Orde EHA/3987/2005 a declaracións de renda dos fiadores é necesaria aos efectos de comprobar que presentan unha situación económica que lles permita asumir o pago da débeda.

De acordo co disposto no artigo 95 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria os datos, informes ou antecedentes obtidos pola Administración tributaria no desempeño das súas funcións teñen carácter reservado e só poderán ser utilizados para a efectiva aplicación dos tributos ou recursos cuxa xestión teña encomendada e para a imposición das sancións que procedan sen que poidan ser cedidos ou comunicados a terceiros, salvo que a cesión teña por obxecto como indica na letra b) do citado artigo a colaboración con outras Administracións tributarias a efectos do cumprimento de obrigacións fiscais no ámbito das súas competencias. A este respecto sinalar que o Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas non é un imposto xestionado por esta Axencia senón pola Axencia Estatal de Administración Tributaria e aínda que existe a posibilidade de solicitar datos á AEAT neste caso non é posible xa que se trata de persoas alleas ao procedemento recadatorio. Por este motivo e dado o carácter reservado da devandita información realízase o requirimento directamente ao comparecente.

Por último sinala a Área de Recadación que se contactou telefonicamente co interesado para resolver a discrepancia sen éxito”

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

1.- O interesado solicitou a suspensión de dúas providencias de constriximento en relación cunha taxa de Portos de Galicia, avalando dita solicitude con dúas persoas fiadoras segundo o procedemento derivado da Orde EHA/3987/2005, do 15 de decembro, pola que se desenvolve parcialmente o Regulamento Xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, en materia de revisión en vía administrativa, aprobado por Real Decreto 520/2005, do 13 de maio, sobre requisitos de suficiencia de determinadas garantías achegadas para obter a suspensión da execución dos actos impugnados.

2.- Segundo se informa desde esa Administración mediante requirimentos do 30.03.2023 solicítaselle no ámbito dos dous recursos presentados que achegue certificados de estar ao corrente de débedas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e copia da última declaración da renda dos dous fiadores.

A ATRIGA sinala que:“(..) O interesado contesta aos requirimentos o 18.04.2023 achegando os certificados solicitados pero non achega novo documento de garantía nin as declaracións da renda dos fiadores(..)”

Infórmase, deseguido, que a suspensión foi inadmitida sinalando que: “O interesado contesta aos requirimentos o 18.04.2023 achegando os certificados solicitados pero non achega novo documento de garantía nin as declaracións da renda dos fiadores”.

Neste sentido, desde esa Administración remitiuse, o día 8 de xuño de 2023, o documento con referencia REF XXX18 notificando a desestimación da suspensión da providencia de constriximento número XXX85 por ter remitido só certificado dun dos fiadores de estar ao corrente de débedas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria pero non achegar nin a copia da última declaración da Renda nin documentación do outro fiador. O importe desta débeda é de 128,78 €.

Así mesmo, coa mesma data remitiuse documento con referencia REF XXX17 notificando a desestimación da suspensión da providencia de constriximento número XXX03 por non ter achegado novo documento de fianza. O importe desta débeda é de 127, 37 €.

3.- Respecto da esixencia da documentación relativa á declaración da renda dos fiadores, argumenta esa Administración o disposto no Real Decreto 520/2005, do 13 de maio, sobre requisitos de suficiencia de determinadas garantías achegadas para obter a suspensión da execución dos actos impugnados, no seu único artigo así como o regulado na Resolución do 21 de decembro de 2005, da Secretaría de Estado de Facenda e Orzamentos e Presidencia da Axencia Estatal de Administración Tributaria, pola que se ditan criterios de actuación en materia de suspensión da execución dos actos impugnados mediante recursos e reclamacións e de relación entre os Tribunais Económico-Administrativos e a Axencia Estatal de Administración Tributaria. En concreto faise referencia á obriga de demostrar a solvencia das persoas fiadoras sinalando a ATRIGA que a copia da declaración da renda é necesaria para amosar a dita solvencia.

Porén cómpre lembrar que no presente caso se requiriu das persoas fiadoras tanto a copia da declaración como certificados de estar ao corrente de débedas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, documentación esta última que achegou o interesado cando menos respecto dunha das persoas avalistas. A maiores sinalar tamén que as débedas non chegaban aos 130 euros en cada unha das dúas providencias.

4.- A figura de interesado no procedemento administrativo introduciuse coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Esta norma dispón que dispón que ostenta a condición de interesado no procedemento administrativo, entre outros, “aqueles que, sen iniciar o procedemento administrativo, teñan dereitos que poidan resultar afectados pola resolución que en se adopte no mesmo”.

A persoa fiadora é a que responde por outra dunha obrigaón de pago, comprometéndose a cumprila se non o fai quen a contraeu. Polo tanto, as persoas fiadoras nun procedemento como o que afecta ao interesado nesta queixa, pódense considerar interesadas no mesmo dado que os seus dereitos poden verse afectados polo mesmo aínda que non iniciaron o expediente.

A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establece no seu artigo 28, que a entrega de documentación no marco da tramitación dun procedemento administrativo é un dereito e un deber. O mesmo artigo, no seu punto 2) dispón que:

“Os interesados teñen dereito a non achegar documentos que xa se atopen en poder da Administración actuante ou fosen elaborados por calquera outra Administración. A administración actuante poderá consultar ou solicitar devanditos documentos salvo que o interesado opuxésese a iso(..)”

Así, se a persoa interesada declara que a información que se lle require atópase en poder doutras Administracións, a interoperabilidade debería facilitar dita consulta. Consecuencia desta interoperabilidade e comunicación entre Administracións Públicas, os servizos de verificación e consulta de datos das plataformas de intermediación, permiten que calquera organismo poida consultar ou verificar os datos que unha persoa interesada necesita acreditar no trámite dun procedemento, sen necesidade de solicitar a achega dos correspondentes documentos acreditativos, facendo así efectivo o dereito do cidadán recoñecido no artigo 28.2 da Lei 39/2015.

Só nos casos en que, como consecuencia do tipo de trámite, poida ser necesaria a consulta, a cesión ou comunicación de datos de natureza tributaria ou dalgún outro tipo cuxa lexislación específica regule a necesidade dun consentimento expreso por parte do interesado, será necesario incluír unha cláusula na que o interesado autorice a súa consulta por parte da Administración actuante á Administración cedente dos datos responsable destes.

Polo tanto, a Administración ten a posibilidade de solicitar os datos tributarios requiridos neste procedemento á Facenda estatal previo consentimento por parte das persoas fiadoras, sen necesidade de achegalos novamente, evitando así a carga administrativa.

5.- Queda fora de toda dúbida que o interesado non achegou a documentación da nova fianza no caso da providencia de constriximento número XXX03. Pola contra, achegou o certificado dun dos fiadores no caso da providencia de constriximento número XXX85, segundo se reflicte na notificación remitida ao propio interesado asinada o día 8 de xuño de

2023. Descoñécese si o interesado non achegou a certificación do outro fiador polo seu desacordo coa esixencia de presentar as copias da declaración da renda.

Con todo, no presente caso as débedas de cada unha das providencias recorridas supoñían unhas cantidades lonxe do límite establecido na propia Orde EHA/3987/2005, do 15 de decembro, que o sitúa nos 1.500 € polo que a esixencia de solvencia debe entenderse á hora de afrontar un pago, como máximo, de 256,15 euros. O certificado achegado, ademais, demostraría que os fiadores están ao corrente de débedas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, dando cumprimento á literalidade do esixido pola norma: “(..) estean ao corrente das súas obrigacións tributarias e presenten unha situación económica que lles permita asumir o pago da débeda suspendida (..)”.

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa consellería a seguinte suxestión:

En atención ao disposto no artigo 28 da Lei 39/2015 e en consecuencia da interoperabilidade, exercer a capacidade de verificación da documentación esixida nos procedementos indicando ás persoas interesadas o dereito de oposición á mesma.

En casos semellantes ao presente, se avalíe considerar a presentación do certificado de estar ao corrente das súas obrigacións tributarias como aval suficiente para presentarse como persoa fiadora nun procedemento de suspensión da execución dos actos impugnados

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas



e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo